

## Ámbito social

### Módulo 4

### Unidade didáctica 13

**A Guerra Fría e o proceso de descolonización.  
Evolución das grandes potencias.**

# 2. A Guerra Fría e o proceso de descolonización

## 2.1 Concepto e causas da Guerra Fría



EUA: EUA era e é unha república federal que basea o seu sistema social e económico no capitalismo, de feito, EUA será o símbolo deste sistema económico. Politicamente, existe un forte bipartidismo entre o Partido Demócrata e o Partido Republicano, os demócratas teñen unha ideoloxía progresista que defende a intervención do Estado e as súas institucións para regular a economía e ofrecer servizos públicos, os republicanos son más conservadores e son defensores do liberalismo económico clásico; ambos os partidos se sucederon no poder durante os anos da Guerra Fría. Desde un punto de vista social, atopámonos cunha sociedade de consumo multiétnica e, polo xeral, cun alto nivel de vida que convive con masas de poboación empobrecida e segregada.

URSS: a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas foi o primeiro Estado comunista. Stalin creou un réxime totalitario cunha economía fortemente planificada, que foi suavizado polas reformas desestalinizadoras de Khrushchev. Desde un punto de vista militar, embarcou nunha frenética carreira armamentística que a puxo ao nivel de EUA e, desde un punto de vista social, ofreceu unha ampla cobertura de servizos.

Cara a finais do século XX, froito das súas tensións internas, produciuse a disolución da URSS.

### Trazos da vida internacional

#### Estruturación dun sistema bipolar ríxido

Un mundo no que non caben as posicións intermedias. Alíndanse dous bloques agrupados ás dúas potencias mundiais: EUA e a URSS (Estados Unidos e a Unión Soviética). Gran Bretaña perde o seu papel hexemónico na política mundial tras o desgaste causado pola II Guerra Mundial e pola descolonización.

## Tensión permanente entre os dous polos

Motivada pola procura dun equilibrio estratéxico nunha orde mundial profundamente alterada tras a II Guerra Mundial. Isto trae consigo a necesidade de reafirmar permanentemente o liderado das dúas superpotencias, o forzado aliñamento dos outros países e o continuo e progresivo rearme militar.

## Papel da ONU

Un papel de foro de discusión dos dous bloques. A pesar dos erros e inxerencias do voto, o papel da ONU como plataforma de diálogo foi e é moi importante.

## Bloques Militares

Creación de dous bloques militares: OTAN e Pacto de Varsovia

## Política de riscos calculados

É dicir, a contención dos avances dos adversarios, disuadíndoos de calquera acto hostil, pero evitando producir un conflito de carácter mundial. Isto trae consigo a frecuente aparición do que se dará en chamar "puntos quentes", é dicir, conflitos locais, como en Corea, Berlín ou Cuba, onde os bloques miden as súas forzas, aínda que conscientes de solucionar as diferenzas pola vía da negociación en canto os riscos foran excesivos para ambos os bloques.

## O mundo bipolar 1949-1955


A partición de Alemaña e a guerra de Corea mostraron ao mundo unha nova realidade: a división en dous grandes bloques liderados por EUA e a URSS. En diante, cada bloque defendeu a súa zona de influencia fronte ao avance do bloque contrario.

Estados Unidos toma diversas medidas para asentar a súa influencia mundial. En primeiro lugar, reforzou os seus lazos con Europa Occidental: en 1949 naceu a OTAN, Organización do Tratado do Atlántico Norte, a grande alianza militar do bloque occidental ata os nosos días. En segundo lugar, Washington impulsou o proceso da integración europea que culminou en 1957 co nacemento da Comunidade Económica Europea. Finalmente, EUA teceu unha ampla rede de alianzas antisoviéticas por todo o mundo.

O bloque soviético reforzouse coa vitoria de Mao Tse-Tung en 1949. A URSS asinou acordos militares e de cooperación coa China comunista de Mao.

Finalmente, en 1955, nacía o Pacto de Varsovia, alianza militar que uniu a URSS con todos os países europeos do bloque comunista, coa excepción de Iugoslavia.

A Guerra Fría en Europa: os países europeos da OTAN e os membros do Pacto de Varsovia.



### A Coexistencia Pacífica 1955-1962

A morte de Stalin en 1953 e o ascenso ao poder dun novo líder soviético, Khrushchev, abriu un novo período na Guerra Fría. Tras unha fase de grandes tensións, un novo clima nas relacións entre Washington e Moscova fixo que se falase de "coexistencia pacífica" e "desexo". Con todo, este novo ambiente non significou a fin das crises internacionais. Neste período erixiuse o muro de Berlín e a guerra fría trasladouse ao continente americano coa crise dos míslies en Cuba. Foi tamén nestes anos cando, para xúbilo norteamericano, os dous colosos comunistas, China e a URSS, romperon a súa alianza e convertéronse en potencias antagónicas.

## Principais acontecementos

- Década dos anos 40:
  - Guerra civil en Grecia (1946-1949)
  - Bloqueo de Berlín (1948-1949)
- Década dos 50:
  - Guerra de Corea (1950-1953)
  - Crise de Suez (1956)



Dous irmáns ante un tanque M-26 en Haengju durante a guerra de Corea. 06/09/1951. National Archives an Records Administration of the United States.


Tras a finalización da Segunda Guerra Mundial a península de Corea foi dividida en dúas zonas que tomaban como fronteira o paralelo 38º. Tras a derrota de Xapón, o norte da península fora ocupado por tropas rusas e o Sur, por tropas norteamericanas.

Malia o acordo de 1945 de establecer un único Estado, tras a celebración dunhas eleccións xerais, nin a ONU nin Rusia nin EUA conseguiron a unificación. A división foi máis patente tras a retirada dos soviéticos e norteamericanos.

A guerra estalou finalmente tras unha dura campaña de acusacións mutuas de violación de fronteiras. Nun contexto estimulado polo triunfo maoista en China, Corea do Norte, alentada por directrices soviéticas, invadiu Corea do Sur. Inmediatamente a ONU enviou cascos azuis baixo o mando de xenerais militares (Mac Arthur, entre eles) á zona, a proposta de EUA; pola súa banda, a China de Mao apoou o réxime de Seúl. Ainda que destituído por Truman en abril de 1951, Mc Arthur, procónsul norteamericano en Xapón, propuxera o lanzamento de bombas atómicas en Manchuria. O conflito, finalizado por fin en 1953 coa Paz de Panmunjon, consagrou a división das dúas Coreas.

- Década dos 60:
  - Crise dos Mísiles en Cuba (1962)
  - Construción do muro de Berlín (*o muro da vergoña/pano de aceiro*)

- Década dos 70:
  - Guerra de Vietnam



Protestas en Wichita contra a guerra de Vietnam 1967

Tras a división de Vietnam en dous estados, segundo o estipulado na **Conferencia de Xenebra de 1954** e a evacuación de Francia, Ho Chi Minh, dirixente comunista norvietnamita, anunciaba a súa intención de enviar tropas a Vietnam do Sur onde se organizou a **Fronte de Liberación Nacional** a través da guerrilla revolucionaria ou brazo armado do Vietcong.

A guerra de Vietnam (1957-1975) quedou convertida nunha longa guerra de case vinte anos que finalizaría en 1975 coa completa retirada das tropas norteamericanas, previo inicio, no ano 73, de conversacións que levaron á apertura de negociacións de paz en París. Estas foron motivadas en parte polo excesivo custo da guerra e a protesta da opinión pública norteamericana.

*National Archives and Records Administration of the United States*

- Guerra de Afganistán (1979-1989)
- Década dos 80:
  - Guerra de Afganistán (1979-1989)

### A Distensión 1962-1975

Cales foron as razóns que levaron a EE.UU. e a URSS a avanzar nun período de relativa distensión nas súas relacións? Esencialmente podemos sinalar tres motivos:

- **A crise dos mísiles en Cuba en 1962** fixo tomar conciencia ás superpotencias do perigo mortal da posesión e multiplicación do seu arsenal nuclear.
- As dúas superpotencias consideraron por diferentes motivos que unha relaxación das tensións favorecía aos seus obxectivos a longo prazo. Podemos falar nese sentido da distensión como un medio para obter os fins a longo prazo de cada superpotencia.
- Ambas as potencias atravesaron un período de contestación nos seus respectivos bloques. A URSS, debilitada polo conflito chinés-soviético, tivo que fazer fronte, entre outros conflitos, á Primavera de Praga en Checoslovaquia. EE.UU. viu como a Unión Europea se consolidaba como unha potencia económica e como no seo da OTAN xurdiu a disidencia concretada na Francia de Gaulle.

Tras asomarse "ao bordo do abismo" nuclear na crise dos mísiles de Cuba, Kennedy e Khrushchev decidiron iniciar de forma máis sistemática e duradeira unha nova política de distensión. Abríase así un novo período da Guerra Fría no que os acordos entre as superpotencias non impediron graves conflitos como o de Vietnam ou o Oriente Próximo.

Entre os tratados destacaron o Tratado de Non Proliferación Nuclear (1968), asinado por EUA, a URSS e o Reino Unido e o Acordo SALT I (1972) que limitou o número de mísiles intercontinentais que podía posuér a URSS e os EUA.

### A nova Guerra Fría 1975-1985

As dificultades económicas do mundo occidental tras a "crise do petróleo" de 1973 e a renitencia americana a implicarse militarmente no exterior tras o fracaso de Vietnam animaron a Moscova a intervir en diversas zonas do mundo. Foi unha miraxe. A debilidade norteamericana era aparente. A soviética era real. A súa economía entrara nun período de estancamiento que finalmente



A ineficacia económica do sistema soviético reflectíase en continuas colas para acceder aos escasos bens de consumo disponibles. Kharkiv, 1981.

levaría ao colapso do sistema comunista. O presidente Reagan volveu nos anos oitenta a unha política de enfrentamento coa Unión Soviética e esta non puido fazer fronte ao novo desafío que viña de Washington.

A debilidade económica soviética precipitou a fin da guerra fría e o posterior derrubamento da URSS.


A URSS interpretou mal a situación internacional e lanzouse a unha expansión da súa influencia internacional sen ter en conta as serias dificultades polas que pasaba a súa economía. O último período na dirección soviética de Leonid Brezhnev (1964-1982) foi testemuña do que podemos denominar unha enganosa expansión soviética:

- **En Asia, Vietnam** era reunificado en 1975 baixo un goberno comunista.
- **En América Central**, a revolución sandinista de 1979 estableceu un réxime revolucionario en Nicaragua co apoio de Moscova e a Habana.
- **En África**, a expansión soviética foi aínda más espectacular. A partir de 1974, estableceronse réximes prosoviéticos en Etiopía, Angola e Mozambique.

O CAME ou COMECON (Consello de Axuda Mutua) foi unha organización de axuda económica creada no bloque comunista en 1949. Este mapa mostra a organización no seu momento de máxima expansión, nos anos oitenta. O CAME disolveuse en 1991 tras a disolución da URSS. Afoutos por estes éxitos, os soviéticos cometeron un grave erro: intervir militarmente en Afganistán.



Este país empobrecido estaba sumido no caos e Moscova decidiu intervir para impoñer un goberno que garantise a orde e mantivese o país na esfera de influencia soviética.



Guerrilleiros islámicos (Mujahidin) mostran restos dun avión soviético derrubado en 1984.

O 24 de decembro de 1979 as tropas soviéticas invadiron o país. Iniciábase a guerra de Afganistán. A reacción mundial foi inmediata. A ONU condenou a invasión e EUA decidiu axudar ás guerrillas islámicas que se enfrentaban ás tropas soviéticas. Iniciábase unha nova guerra fría.

O novo presidente norteamericano, **Ronald Reagan**, iniciou a partir de 1980 una nova política de **enfrontamento coa URSS**. Tras

definir á Unión Soviética en 1982 como "*o imperio do mal*", lanzou a **Iniciativa de Defensa Estratégica**, un ambicioso plan de armamento antimísiles que preocupou profundamente a Moscova.

Ademais, Reagan non dubidou en intervir en **Nicaragua ou en Afganistán**, axudando, neste último caso, **as guerrillas islámicas antisoviéticas**, nas que militaba un home que posteriormente se fixo soado polo seu ataque a EUA, **Osama Bin Laden**.

Os anos oitenta foron testemuñas da fin da guerra fría. A URSS entrou nun período de decadencia que se acelerou coa chegada ao poder de Mikhail Gorbachev, en 1985, e o seu programa de reformas.

## Diversos factores explican a decadencia soviética:

- A dureza das posicións de Reagan levou a dirección soviética a reconsiderar a escalada no enfrentamento con EUA. A Iniciativa de Defensa Estratégica fixo evidente a **superioridade tecnolóxica e económica de EUA** sobre a URSS.
- A partir de 1980 as **disensións internas no bloque soviético** debilitaron a súa posición estratégica. As protestas anticomunistas, iniciadas en Polonia, desencadearon unha profunda crise nos aliados da URSS no **Pacto de Varsovia**.



Ronald Reagan en Berlín en 1987. Neste discurso, o presidente Norteamericano esixiu a Gorbachev que o muro de Berlín (vese detrás do estrado) fose derrubado.

Finalmente, a URSS estaba sumida no **estancamiento económico** cunha deterioración crecente das condicións de vida da poboación. **Gorbachev**, tras chegar ao poder en 1985, iniciou unha serie de reformas (*perestroika*) que basicamente buscaban reducir os inxentes gastos militares soviéticos e centrar os recursos en sacar o país da crise económica.